


LE A LECTURA E CONTESTA AS PREGUNTAS.

O PATO LUCAS

LUCAS É UN PATO MARRÓN E
AMARELO QUE VIVE NUN LAGO. EL É
MOI RUIDOSO. GÚSTALLE MOITO
NADAR. CANDO SAE SACUDE AS
PLUMAS PARA SECARSE. LOGO BUSCA
VERMES OU SEMENTES PARA COMER.
ALGUNHAS VECES CANDO VE
PERSOAS, ACÉRCASE A ELAS PARA
QUE LLE DEAN COMIDA.



1. QUEN É LUCAS?

2. QUE FAI CANDO SAE DA AUGA?

3. QUE COME LUCAS?

4. OS PATOS NACEN DE OVOS. ENTÓN QUE SERÁN OVÍPAROS
OU VIVÍPAROS?

5. ESCRIBE TRES NOMES DE ANIMAIS OVÍPAROS

LE A LECTURA E CONTESTA AS PREGUNTAS.

ISABEL

ISABEL É UNHA NENA ALTA QUE
TEN O PELO RIZADO E NEGRO.
OS SEUS OLLOS SON GRANDES
E AZUIS.

LEVA POSTO UN VESTIDO DE
COR VERDE. LEVA UN LAZO NO
PELO, OUTRO NA CINTURA E
DOUS NOS ZAPATOS.



1. COMO É ISABEL?

2. COMO É O SEU PELO?

3. QUE É DE COR VERDE?

4. CANTOS LAZOS LEVA ISABEL?

5. QUE LEVAS TI HOXE VESTIDO?

COMPLETA AS FRASES CO NOME DOS DEBUXOS CORRESPONDENTES.

COLLÍN UNHA MAZÁ DA _____


DENTRO DA GAIOLA HAI UN _____

NO CINE COMIN _____

FIXEN AS TAREFAS CO _____

A RAPAZA COME UN _____

O RATO COMEU _____



LE E LOGO RESPONDE AS PREGUNTAS.

A MIÑA BICICLETA

ONTE FOI O MEU ANIVERSARIO. CUMPRÍN SEIS ANOS E OS MEUS AVOS REGALÁRONME UNHA BICICLETA NOVA. E DE COR BRANCO E VERDE E NON TEN RODÍNS.

HOXE VOU ESTREALA COA MIÑA AMIGA MARÍA, QUE TEN DOUS ANOS MÁIS CA MIN. IREMOS DAR UN PASEO PRETO DO RÍO. GÚSTANOS IR POR ALÍ PORQUE A VECES HAI CABALOS PASTANDO E CASE OS PODEMOS TOCAR.

1. QUE CELEBREI ONTE?

2. QUE ME REGALARON OS MEUS AVÓS?

3. CANTOS ANOS TEN MARÍA?

4. POR QUÉ NOS GUSTA PASEAR POLO RÍO?

5. ORDENA A SEGUINTE ORACIÓN.

ANOS EU SEIS TEÑO

LE ATENTAMENTE.

UN DÍA DE PRAIA

O SÁBADO FUN COA MIÑA FAMILIA A CASA DE MEUS TÍOS QUE VIVEN AO LADO DA PRAIA. DESPOIS DE COMER MEUS PRIMOS MÁIS EU FOMOS ATA A PRAIA E ESTIVEMOS NADANDO E XOGANDO COAS PALAS. CANDO NOS CANSAMOS SENTAMOS PARA MERENDAR UN BOCADILLO E FROITA. AO ANOITECER FOMOS A CEAR E DESPOIS LIMOS UN CONTO ANTES DE DURMIR. O DÍA SEGUINTE TIVEMOS QUE VOLVER Á CASA PORQUE O LUNS MEUS PAIS TRABALLABAN.

1. ONDE VIVEN MUS TÍOS?

2. QUE FIXEMOS NA PRAIA?

3. QUE FIXEMOS ANTES DE DURMIR?

4. ESCRIBE O NOME DE CATRO FROITAS.

5. QUE DÍA VOLVEMOS Á CASA?

6. SEPARA A SEGUINTE ORACIÓN E LOGO ESCRIBE CORRECTAMENTE.

EUCOMINUNBOCADILLO.
